



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACION SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE CONVIVENCIA IES DE FENE



Índice	Páxina
1. Introdución	4
2. Contextualización e análise da situación	5
3. Obxectivos do Plan de Convivencia	9
3.1. Obxectivos Xerais	9
3.2. Obxectivos Específicos	10
4. Órganos e persoal do IES en relación á convivencia escolar	11
4.1. O Equipo Directivo	11
4.2. O Consello Escolar	11
4.3. A Comisión de Convivencia	11
4.4. O/A Coordinador/a de benestar e convivencia	11
4.5. A Xunta de Titoras/es	11
4.6. A Xunta de Delegados	12
4.7. O Profesorado	12
4.8. O Persoal de Administración e Servizos (PAS)	12
4.9. As Familias	12
4.10. O Departamento de Orientación	12
5. Plan de Actuación	13
6. Plan de Acolida	20
7. Normas de convivencia e concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa	24
7.1. O Profesorado	24
7.2. O Alumnado	24
7.3. As/Os Nais/Pais-Titoras/es legais	24
7.4. O Persoal de Administración e Servizos (PAS)	24
8. Condutas contrarias ás normas de convivencia e as correccións que corresponden ao seu cumprimento de conformidade	24
8.1. Principios Xerais	24
8.2. Condutas leves contrarias ás normas de convivencia	27
8.3. Condutas gravemente prexudiciais contrarias ás normas de convivencia	30



Índice	Páxina
8.4. Procedementos de correccións das condutas gravemente prexudiciais.....	33
9. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.....	33
10. Protocolo de absentismo e abandono escolar.....	33
11. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.....	33
12. Protocolo de actuación contra o maltrato infantil.....	33
13. Protocolo de prevención ante o risco suicida.....	33
14. Protocolo de protección de datos.....	33
15. A Aula de Convivencia Inclusiva.....	34
15.1. Finalidade e obxectivos da Aula de Convivencia.....	34
15.2. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de actuacións que se desenvolverán nesta.....	34
15.3. Posta en práctica da Aula de Convivencia Inclusiva.....	35
15.4. Derivación puntual polo profesorado para a realización de tarefas.....	36
15.5. Derivación para o desenvolvemento dun programa de habilidades sociais.....	37
16. Programa de Habilidades Sociais.....	38
17. A Mediación Escolar na resolución de conflitos. O programa de Titoría entre iguais (TEI).....	40
17.1. A Mediación Escolar na resolución de conflitos.....	40
17.2. O programa de Titoría entre iguais (TEI).....	40
18. Escola de Nais e Pais.....	41
19. Difusión, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.....	42
20. Conclusións e propostas de mellora.....	44



1. **INTRODUCCIÓN**

A convivencia escolar esperta preocupación nas comunidades educativas de cada centro. Está claro que unha boa convivencia nos conduce a un clima agradable nas aulas e nos patios de recreo e que contribúe á mellora do rendemento tanto do alumnado coma dos docentes. É por este motivo que o avance neste ámbito se converteu, desde fai xa tempo, nun asunto prioritario para este centro educativo. Se tomamos como referencia á análise dos datos dos últimos anos, podemos observar como os problemas de conflictividade non se viron reducidos de xeito significativo, indicando unha certa conflictividade. Pero as circunstancias poden cambiar en calquera momento, polo que debemos manternos alerta para evitar que este bo ambiente poda sufrir cambios. Será preciso, por tanto, establecer medidas para intentar eliminar todos aqueles feitos que podan deteriorar a convivencia, redactando un plan no que se estruturen os principios para lograr que a tolerancia e o respecto sexan os protagonistas da actividade do centro.

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A elaboración deste plan de convivencia non se entende como unha tarefa estritamente burocrática, senón que supón a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Trátase dun documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, contando co maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

Fins e principios informadores das normas de convivencia

A convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.



- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DA SITUACIÓN

Para desenvolver un plan que favoreza a convivencia no centro temos que partir do coñecemento dos antecedentes desta convivencia e da situación actual desta, así como das situacións problemáticas que se rexistran e das necesidades en formación para as actuacións da comunidade educativa. Para esta análise botamos man de documentos e rexistros do propio centro que nos amosan a súa traxectoria en materia de convivencia así como dos resultados obtidos no curso pasado da ferramenta informática de recollida de datos "convivencia-xestión" na que se reflicte información, opinións e percepcións de toda a comunidade educativa respecto da situación da convivencia no centro.

CONCLUSIÓNS OBTIDAS DO CUESTIONARIO SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR PARA O PROFESORADO DO IES DE FENE (1º TRIMESTRE DO CURSO 2021-22)

Participación:

35 persoas (24 profesoras e 11 profesores), das cales o 25% é o seu primeiro ano no centro.

Consideración sobre a convivencia no centro:

O 51% considera que é mala (17%) ou regular (34%).

O 49% considera que é boa (43%) ou moi boa (6%).

Ningún dos participantes considera que a convivencia sexa moi mala.

Situacións que adoitan darse nas clases:

Desobedecer e non respectar ao profesorado; non cumprir as normas de comportamento; interromper e molestar; negarse a facer as tarefas; entrar e saír sen permiso; lanzar obxectos entre o alumnado; berrar e facer ruidos; non respectar as medidas covid; uso do móbil (dato aportado antes da prohibición en todo o centro).

Situacións que adoitan darse no centro:

Dificultades na comunicación e coordinación entre profesorado, as familias e entre os diferentes equipos docentes.

Diferentes criterios do profesorado na aplicación das normas.

Conflitos máis o menos violentos entre o alumnado nos tempos de recreo e intercambios de clase.

Danos nos materiais e instalacións.

Condutas máis habituais entre o alumnado:

Ameazar, insultar, poñer alcumes, dicir mentiras ou rumores sobre outros compañeiros ou compañeiras, excluír a alguén do grupo e rirse de algún compañeiro ou compañeira.



- **Coñecemento por parte do profesorado dos problemas de comportamento entre o alumnado:**

O 8% do profesorado asegura que sempre é coñecedor dos problemas de convivencia, o 40% é coñecedor a miúdo e o 52%, ás veces.

- **Solucións que considera o profesorado máis correctas para mellorar a convivencia:**

Aplicar as normas, favorecer a participación do alumnado na solución de problemas, aplicar sancións estritas e informar ás familias e ao alumando das sancións que implica cada acto.

- **Disciplina na aula:**

A maioría do profesorado ten dificultades para manter a orde na clase.

- **Percepción do profesorado sobre familias nestes últimos anos:**

Escasa participación, colaboración e apoio das familias, especialmente das familias do alumnado máis conflitivo.

- **Causas que consideramos importantes nas condutas do alumnado conflitivo:**

Características da personalidade do alumnado; problemas familiares; contexto social; falta de disciplina escolar.

Con esta análise-diagnóstico preténdese abordar a análise da convivencia escolar en profundidade, coñecer que ocorre, por que ocorre, que necesitamos mellorar, que pretendemos e que esperamos, con que recursos contamos... todo isto nos diferentes contornos:

● **CONTORNO SOCIAL**

➤ **Medio socioeconómico e xeográfico**

O IES de Fene ubícase na Estrada de San Marcos, números 13-15 e 23-25, na parroquia de Barallobre, 15528, dentro do termo municipal de Fene. Fene é un pobo e un concello rural e industrial. Limita con Neda ao norte, coa parroquia de Fene ao oeste, co concello da Capela ao leste e con Magalofes e Cabanas polo sur. Na actualidade, o municipio esfórzase por diversificar aos poucos a súa economía, incrementando a súa superficie industrial e atraendo novas actividades económicas que permitan superar a excesiva dependencia que a economía local aínda ten do sector naval. En 2022 contaba con 12.702 persoas. En xeral, poderíamos dicir que o nivel socioeconómico do noso alumnado é medio e baixo e que nas familias nótase moito, como no resto do concello, a forte crise da que falamos antes. O concello conta con oito parroquias: Barallobre, Fene, Limodre, Magalofes, Maniños, Perlío, San Valentín e Sillobre.

➤ **Servizos médico-asistenciais e animación socio-cultural**

No entorno do centro atópanse dotacións públicas sanitarias (Centro de Saúde de Fene) e culturais (Biblioteca Pública Municipal de Fene Xosé María Pérez Parallé e Museo do Humor) así como diversas asociacións culturais, recreativas e deportivas nas diferentes parroquias (CMI Unidade de Fene, Liga de Amigos de Barallobre, CRD O Pote, CRD Agarimo, etc). Nas proximidades do instituto están situadas paradas de autobuses e ferroviarias que comunican Barallobre coas distintas poboacións da bisbarra. Ademais os hospitais de Ferrol están cerca e ben comunicados por autoestrada. Contamos cunha biblioteca municipal que convoca bastantes actividades, moitas veces conxuntas cos clubs de lectura e coa biblioteca do instituto, e así mesmo os servizos sociais e os



departamentos de cultura organizan actividades de todo tipo: lúdicas, deportivas, culturais, ou relacionadas con aspectos sanitarios, científicos, deportivos e culturais, tanto no concello como no propio centro, destinadas aos nosos alumnos.

- **CONTORNO FAMILIAR**

- **Valores e hábitos familiares**

O instituto é un reflexo da sociedade polo que no centro temos familias cunha gran diversidade de intereses, motivacións e expectativas cara aos seus fillos. O nivel socioeconómico e cultural, igualmente, tamén é moi diverso. Neste centro temos unha ampla oferta formativa(ESO,BACH, ESA, Ciclos formativos de grao medio, FP básica, FP dual) que pode abarcar esta diversidade de intereses e incidir positivamente na diminución do abandono escolar.

- **Relación das familia co centro**

As relacións entre as familias do alumnado e o centro, xa se trate do profesorado ou do equipo directivo son boas e fluídas na maioría dos casos. A comunicación entre as titorías e a Xefatura de Estudos é absolutamente regular: Periodicamente comunícanse as faltas de asistencia e a Xefatura de Estudos que comunica inmediatamente calquera tipo de incidencia co alumnado, estamos, de feito, intentando implantar o sistema Abalar Móbil para mellorar a axilidade das comunicacións. Non obstante temos unha minoría de familias, que por diversas razóns, non somos capaces de chegar a elas.

O centro conta con ANPA, hai representación dos pais no Consello Escolar e coas familias búscase a maior participación e colaboración na vida diaria do instituto.

- **CONTORNO ESCOLAR**

- **O centro**

O IES de Fene imparte as ensinanzas da ESO; Bacharelato (Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais); catro ciclos formativos de grao medio en réxime ordinario (CM de Soldadura e Caldeiraría, CM de Instalacións Frigoríficas e de Climatización, CM de Instalación e Mantemento Electromecánico, CM de Electromecánica de Vehículos Automóbiles); dous de FP Básica (CB de Fabricación e Montaxe e CB de Mantemento de Vehículos); tres ciclos de grao medio de FP Dual en réxime de adultos (ZM de Electromecánica de vehículos automóbiles, ZM Mantemento Electromecánico, ZM Instalacións de produción de calor); e un Ciclo Superior de FP Dual en réxime de adultos (ZS Mecatrónica Industrial).

Os centros adscritos son: o CEIP Plurilingüe O Ramo e o CEIP Plurilingüe Os Casais, aínda que tamén se recibe alumnado do CEIP de Centieiras. En 1º de Bacharelato aumenta a matrícula co alumnado procedente do CPI A Xunqueira e o CPR Jorge Juan, ambos os dous da propia vila. No curso 2023-24 o centro conta con 438 alumnos/as e a distribución de alumnado por niveis é a seguinte:

- ESO (9 grupos) - BACHARELATO (3 grupos en 1º, 2 en 2º): 254.
- FP (4 grupos FP Básica, 4 grupos Ciclo de Grao Medio de FP): 151.
- FP Dual 3 Ciclos Grao Medio: 25.



- FP Dual 1 Ciclo Grao Superior: 8.

Aínda que proceden maioritariamente do concello de Fene, unha porcentaxe considerable do alumnado de ESO e Bacharelato usa o transporte escolar debido a que o centro está situado na parroquia Barallobre, un pouco distante do núcleo urbano. Esta dependencia do transporte incide negativamente na organización de actividades fóra do horario lectivo. O alumnado que aproba o Bacharelato preséntase maioritariamente ás probas de acceso á Universidade, aínda que nos últimos anos veuse incrementado o número de alumnos/as que accede aos Ciclos Superiores de FP.

- **CONVIVENCIA NO CENTRO: ANTECEDENTES**

A convivencia neste centro sempre foi motivo de especial atención e preocupación. Ao longo dos últimos anos realizáronse diferentes actuacións con maior ou menor éxito pero sempre coa intención de mellorar a convivencia do centro. Algunhas destas intervencións non tiveron a continuidade desexada por motivos como a pouca estabilidade de parte do profesorado e a aparición da pandemia entre outras.

O noso propósito diríxese a crear unhas normas de convivencia e disciplina consensuadas. Ditas normas colócanse nas aulas e coméntanse nas titorías. Iso permite un coñecemento xeral dos principios básicos da convivencia. De igual maneira, na reunión de pais de inicio de curso dáselles a coñecer e explícanse.

Xunto á difusión destas normas, dáse unha gran importancia a recompilar a maior información posible sobre as características do alumnado. A final de cada curso, realízanse diversas reunións cos orientadores dos centros adscritos a fin de solicitar información relevante sobre os novos alumnos (niveis de competencia, ACS) pero ademais analizamos o comportamento e a disposición do alumnado de maneira que podamos coñecer os problemas persoais, familiares ou de calquera índole que estes novos alumnos poidan traer. A información recadaba tomábase en consideración para formar os grupos de 1º ESO do xeito máis adecuado posible tendo en conta distintos criterios: repartir de forma equilibrada nos distintos grupos os alumnos segundo o seu rendemento académico, e as necesidades educativas, equilibrar o número de repetidores, equilibrio no número de nenos/as por grupo, etc.

Por outra banda, cabe apuntar que o noso centro, polo seu deseño, xera unha problemática específica xa que é difícil de vixiar polos numerosos corredores en que se reparten as aulas, polas numerosas portas de acceso e os seus amplos patios. Ditas dimensións e a distribución dos edificios (A, B e C) fan que a realización das gardas sexa complicada.

- **Medidas propostas para mellorar a convivencia**

- Participar no plan director da garda civil con charlas sobre o perigo do mal uso dos móbiles, das redes sociais, da difusión de imaxes...
- Incidir no control nos tempos de recreo e intercambios das clases.
- Os recreos de ciclos e FPB deben ser nun horario diferente do da ESO e Bach (cómpre indicar que xa o son na actualidade).
- Prohibición do uso do móbil en todo o centro escolar.



- Conferencia para o profesorado e familias sobre o coidado do alumnado ante o risco de condutas autolíticas.
- Formación do profesorado sobre metodoloxías que favorezan a convivencia na aula.
- As reunións coas familias, xefatura de estudos, departamento de orientación e titores/as foron frecuentes para intercambiar información e tratar de traballar en conxunto.
- Traballar nas titorías, en coordinación co departamento de orientación, sobre a orixe da maioría dos conflitos, responsabilidades de cada un, e propoñer posibles solucións.
- Organizar campionatos deportivos, obradoiros e actividades lúdicas nos recreos.
- Organización de charlas sobre as consecuencias do acoso escolar, do non respecto polo medio ambiente, do mal uso das redes sociais, etc.
- Explicar de forma clara aos alumnos e aos pais os diferentes tipos de faltas e as súas consecuencias por parte do equipo directivo e os titores e deixar á vista nos taboleiros un resumo explicativo.
- De cara a favorecer a convivencia no centro é fundamental a recollida de información do alumnado de novo ingreso. Se realizará unha reunión da información obtida polo orientador/a cos/as titores de grupo para informar dos aspectos máis relevantes do novo alumnado que sexa preciso coñecer. Coa información obtida se fará un reparto equilibrado dos alumnos/as atendendo ás necesidades educativas específicas.
- Implicar ao propio alumnado, a través da xunta de delegados, na mellora da convivencia, poñendo sobre a mesa as súas percepcións e propostas.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

Teranse en conta os principios de:

- **Corresponsabilidade.** Todos os sectores da Comunidade Educativa deben implicarse e corresponsabilizarse no logro dos obxectivos do plan de convivencia.
- **Respecto.** Deben favorecerse unhas correctas relacións entre os distintos membros da Comunidade Educativa baseadas no respecto mutuo.
- **Cultura da Paz e a Non Violencia.** A resolución dos conflitos ha de ser pacífica e educativa, baseada no diálogo.
- **Prevención.** Tratar de adiantarse aos problemas, previndo situacións de conflito que poden xerar violencia, como estratexia para mellorar a convivencia.
- **Cidadanía.** Coñecer e respectar os valores democráticos da nosa sociedade, e respectar as normas de organización e convivencia do centro.

Baixo este principios, con este Plan de Convivencia preténdense acadar os seguintes **obxectivos xerais**:

1. Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do alumnado, profesorado, familias e, en xeral, de toda a Comunidade Educativa, no interese común pola mellora da convivencia no centro.



2. Contribuír á información e sensibilización da comunidade educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala, facilitando aos órganos de goberno e ao profesorado os instrumentos e recursos necesarios que permitan prever a violencia e mellorar a Convivencia do centro.
3. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución de conflitos que poidan xurdir no centro, aprendendo tamén a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
4. Desenvolver estratexias para a prevención de conflitos e facilitar a conciliación e mediación para a resolución pacífica dos mesmos.
5. Fomentar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia do centro. Así mesmo incrementar e consolidar as relacións con outras institucións e entidades da contorna que contribúan a unha convivencia de calidade e potencien os dereitos e liberdades fundamentais.
6. Promover a sensibilización entre o profesorado, así como a súa implicación e compromiso de toda a comunidade educativa nos valores educativos sociais e culturais que favorezan a mellora da convivencia e cultura da paz.
7. Establecer un procedemento sistematizado para o tratamento e seguimento dos problemas de convivencia, que sirva de apoio á toma de decisións.
8. Manter o bo clima de traballo entre todos os sectores da comunidade educativa, e fomentar o diálogo como capacidade de interacción entre persoas.
9. Dar a coñecer entre os membros da Comunidade Educativa o Plan de Convivencia, as Normas de Organización e Funcionamento e a normativa sobre dereitos e deberes de todos os sectores para a consecución dos obxectivos propostos.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Baseándonos nos obxectivos xerais, preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos no IES de Fene:

- Elaborar cada curso académico un diagnóstico preciso da realidade escolar no ámbito da convivencia para establecer con el as necesidades que poidesen xurdir e realizar propostas de mellora.
- Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia, e aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Mellorar máis se cabe o grao de aceptación e de cumprimentos das normas do IES, cumprindo as normas de convivencia, sabendo rectificar cando a conduta se aparta das normas e valores establecidos e falando con educación e respecto cara aos demais.
- Mellorar a coordinación do profesorado en canto ao cumprimento das normas de convivencia, dando a coñecer as normas xerais de funcionamento do centro.
- Mellorar o ambiente de traballo: puntualidade, coidado, limpeza e orde nas aulas.
- Favorecer o desenvolvemento de actividades relacionadas coa convivencia.



- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado desenvolvendo accións que favorezan a adaptación e a súa interacción co resto do alumnado e profesorado.
- Coñecer por parte do alumnado cales son os seus dereitos e deberes e as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Potenciar a acción titorial a través de actividades e charlas relacionadas coa convivencia, a resolución de conflitos e o principio de igualdade.

4. **ÓRGANOS E PERSOAL DO IES EN RELACIÓN Á CONVIVENCIA ESCOLAR**

4.1. O EQUIPO DIRECTIVO

Art. 9º 9.1. do NOF.

4.2. O CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar é un órgano de goberno colexiado presidido polo/a Director/a do centro, e será o Órgano encargado de aprobar este Plan de Convivencia. As súas funcións figuran no apartado 7.1. das NOF.

4.3. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Art. 7º 7.3. B) do NOF.

4.4. O/A COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, no seu artigo 35 establece a figura do coordinador ou coordinadora de benestar e protección e indica que *"todos los centros educativos donde cursen estudios personas menores de edad, independientemente de su titularidad, deberán tener un Coordinador o Coordinadora de bienestar y protección del alumnado, que actuará bajo la supervisión de la persona que ostente la dirección o titularidad del centro"*.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-9347>

Tamén ven reflectida na ORDE de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persona coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230831/AnuncioG0655-240823-0002_es.html

4.5. A XUNTA DE TITORAS/ES

A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do titor/a para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula na que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influente na configuración das relacións persoais e é o elemento cruce sobre o que pivota o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos relacionais, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.



No centro constituirase a xunta de Titores/as, formada polo profesorado titor dos diferentes curso da Educación Secundaria Obrigatoria, a Orientadora, a profesora de Pedagogía Terapéutica e o Xefe de Estudos. Esta Xunta poderá ser convocada pola persoa titular da Dirección do centro para tratar temas como:

- Propoñer e preparar conxuntamente actividades relacionadas coa convivencia.
- Presentar actividades para a titoría presencial da/das semanas vindeiras.
- Reflexionar conxuntamente sobre os problemas de convivencia que puidesen xurdir.
- Transmitir as reflexións e acordos acadados ao resto do profesorado.
- Explicar de forma clara e profunda aos alumnos e pais as diferentes tipos de faltas e as súas consecuencias xunto co equipo directivo e deixar á vista nos taboleiros un resumo explicativo.

4.6. A XUNTA DE DELEGADOS

De conformidade co NOF dos IES, existirá unha xunta de delegados/as integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar. A xunta de delegados/as estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes tal e como se especifica no apartado 20.9. das Normas de Organización e Funcionamento do IES de Fene, e cuxas competencias tamén figuran en ditas normas. Nas NOF do centro vén especificado o proceso de elección de delegados/as do curso escolar.

4.7. O PROFESORADO

O Claustro de profesores do IES de Fene ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

A implicación de todo o profesorado nas diferentes actuacións encamiñadas a favorecer unha mellora na convivencia do centro, seméllase de gran importancia á hora de desenvolver dun xeito eficiente todas aquelas medidas que se pretendan levar a cabo.

4.8. O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

Tal e como figura nas NOF, este persoal está composto por 2 administrativos, 3 conserxes e 5 limpadoras/es. Ao igual que o profesorado, a súa implicación resultará clave para favorecer un bo clima de traballo e unha boa convivencia no centro.

4.9. AS FAMILIAS

Todos os pais/nais-titores/as legais do alumnado xogarán un papel fundamental na mellora da convivencia. A súa participación na vida diaria do IES e a asistencia a todas as reunións e/ou convocatorias será de gran importancia pois axudarán á correcta información de todas as medidas levadas a cabo, así como a un axeitado seguimento da problemática diaria dos seus fillos e fillas.

4.10. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

De gran importancia na orientación do alumnado do centro, servindo de guía de cara a futuros estudos e propoñendo medidas que permitan resolver calquera problemática ou incidencia no centro. Será o responsable da elaboración do Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de Habilidades Sociais e de calquera outro plan que contemple medidas encamiñadas á mellora da convivencia e a resolución de conflitos.



5. PLAN DE ACTUACIÓN

Aínda que no IES de Fene ten algunhas problemáticas concretas no que á convivencia se refire, si poderíamos indicar como pautas de comportamento máis salientables a solucionar as seguintes:

1. Algúns comportamentos disruptivos, sobre todo nos primeiros cursos da ESO e na FP Básica, tales como: falar de xeito continuado, falta de consideración cara a compañeiros/as, ruídos e interrupcións durante as explicacións do profesorado, tardar en coller o material ou mesmo falta del, contestar de xeito irrespectuoso, levantarse do asento, etc.).
2. Uso dos móbiles.
3. Comportamento, alboroto e desprazamentos incorrectos entre clase e clase, e nos tempos de lecer.
4. Falta de puntualidade do alumnado, principalmente á primeira hora da mañá (8:25 horas).
5. Certa falta de coidado co mobiliario da aula, principalmente as mesas do alumnado.
6. Existencia de lixo, principalmente no patio exterior pero tamén nalgunhas aulas.

Polo tanto, para unha mellora destes comportamentos, así como a modo de prevención doutros que puidesen xurdir de xeito puntual, elabórase o seguinte **plan de actuación** no que se reflectirán as actuacións que se van a desenvolver para mellorar a convivencia e os seus destinatarios, os procedementos a seguir e as persoas e/ou órganos responsables para o seu desenvolvemento e execución.



ACTUACIÓNS	PROCEDEMENTOS A SEGUIR	DESTINATARIOS	PERSOAS E/OU ÓRGANOS RESPONSABLES
<p>Protocolo de actuación fronte aos conflitos de aula</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso da aula de convivencia como medida que poida axudar a corrir e reflexionar a cerca dos conflitos xurdidos (regulada no apartado 15 deste documento). • Derivación á Xefatura de estudos, en casos leves que se poidan resolver mediando e facendo reflexionar a cerca das condutas inapropiadas. • Elaboración trimestral do Informe de Convivencia que se dará a coñecer á Comisión de convivencia e que se incorporará á Memoria Final Anual. 	<p>Alumnado Profesorado Comisión de Convivencia</p>	<p>Profesorado de aula e de garda Xefatura de Estudos</p>
<p>Protocolo de actuación fronte aos conflitos nos tempos de lecer e/ou fora do centro educativo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Manter e organizar unha correcta vixilancia dos corredores e exteriores do edificio que permitan detectar calquera tipo de conflito. Haberá polo menos catro profesores de garda de recreo e un profesor de garda de transporte. • Apoio por parte do Equipo Directivo cando, por circunstancias imprevistas, non exista profesorado de garda suficiente. • Derivación á Xefatura de Estudos, que será a encargada de valorar, xunto co titor/a do alumno, as situación e as medidas correctoras a aplicar. 	<p>Alumnado Familias</p>	<p>Profesorado de garda Profesorado Titor Xefatura de Estudos Equipo Directivo</p>



<p>Campaña de sensibilización do alumnado e profesorado para conseguir maior respecto pola contorna do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Concienciar ao alumnado nas sesións de tutoría da importancia de ter un centro limpo. ● Dar charlas sobre o tema, tamén como actividade das tutorías. ● Realizar campañas de recollida de lixo cada mes nas sesións de tutoría cos diferentes grupos do alumnado. ● Dedicar as sesións de tutoría precisas para manter limpa a aula. ● Realizar campañas de recollida de lixo un recreo de cada día. ● Posta en marcha do Plan de Mellora no que se contemplan actuacións para o mantemento, conservación e limpeza do centro. 	<p>Alumnado</p>	<p>Profesorado Titor Vicedirección</p>
<p>Plan de acollida (Apartado 6)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Realizar actividades de acollida que faciliten o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar tal e como aparecen recollidas no epígrafe 6 deste documento. ● Información ao alumnado ao comezo de curso sobre o funcionamento do centro, instalacións, materias, matrícula, ademais dos principais aspectos das NOF. ● Información ás familias ao comezo de curso sobre o funcionamento do centro, ademais dos principais aspectos das NOF. 	<p>Alumnado Familias</p>	<p>Equipo Directivo Profesorado Titor</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ● Información e colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo (medidas de 		



<p>Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar (Apartado 9)</p>	<p>Atención á Diversidade).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Plan Director de Convivencia charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre acoso escolar, navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías. • Estreita colaboración coa Orientadora Familiar do Concello que permita un seguimento axeitado dos casos nos que se necesite unha intervención e/ou asesoramento. • Uso dunha linguaxe non sexista, na que se contemple e visualice o xénero feminino, así como un reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos. 	<p>Alumnado Departamento de Orientación</p>	<p>Profesorado Profesorado Titor Equipo Directivo Concello</p>
<p>Protocolo de absentismo e abandono escolar (Apartado 10)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Control exhaustivo das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado. • Información en tempo real coas familias a cerca das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado por medio da aplicación abalar. • Correcta xestión dos apoios e reforzos ao alumnado que presente necesidades educativas. • Desenvolvemento coordinado da avaliación inicial do alumnado. 	<p>Alumnado Familias</p>	<p>Profesorado Titor Departamento de Orientación</p>
<p>Aula de Convivencia Inclusiva (Apartado 15)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar un protocolo eficiente que permita xestionar e atender a todo o alumnado derivado á aula de convivencia. 	<p>Profesorado Alumnado</p>	<p>Equipo Directivo Departamento de Orientación</p>



<p>Programa de Habilidades Sociais (Apartado 16)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración e desenvolvemento por parte do Departamento de Orientación dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado e sirva como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. • Elaboración e desenvolvemento por parte do Departamento de Orientación dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. 	<p>Alumnado</p>	<p>Departamento de Orientación</p>
<p>A mediación escolar (Apartado 17)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de formación e organización da mediación, enmarcada dentro da liña de "Mellora da Convivencia" dos Contratos-Programa. 	<p>Alumnado Profesorado</p>	<p>Equipo Directivo Profesorado</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Planificación cos titores da ESO para desenvolver o Plan de Acción Titorial. Na carpeta que se dá aos titores ao comezo do curso debería incluír as seguintes actividades e información en tódolos cursos para realizar nas súas horas de titorías: <ul style="list-style-type: none"> ○ As tarefas para formación do uso da biblioteca (estas só para os alumnos de 1º ESO). 		<p>Profesorado Titor Departamento de</p>



<p>Plan de Acción Titorial</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Actividades de habilidades sociais, ○ O plan de mediación para que llo expliquen aos rapaces. ○ Os tipos de faltas, as normas e as consecuencias se se incumpren. ○ O programa de tutoría entre iguais. ○ Actividades para realizar nas tutorías ao longo do curso (especialmente no 1º ciclo da ESO). ● Correcta planificación e xestión da información solicitada aos pais/nais-titores/as legais do alumnado nas horas de atención por parte do profesorado. ● Charlas nas sesións de tutoría dirixidas ao alumnado principalmente da ESO e de FP Básica.. ● Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.) 	<p>Profesorado Familias</p>	<p>Orientación Profesorado Equipo Directivo</p>
<p>Plan de Orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Orientación ao alumnado no que respecta aos seus problemas ou inquietudes, así como a todo o relacionado coa matrícula, promoción, titulación, estudos e todo o relacionado co seu futuro laboral. ● Entrega gratuíta a todo o alumnado do centro dunha axenda escolar que permita xestionar as actividades diarias de aula e favoreza a comunicación entre o profesorado e as familias do alumnado. 	<p>Alumnado Profesorado</p>	<p>Departamento de Orientación</p>



<p>Os Contratos-Programa</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Participar na Convocatoria anual da Consellería de Educación nos Contratos-Programa que permita desenvolver actividades que favorezan unha mellora da convivencia, enmarcado dentro da liña do programa destinada a tal fin. 	<p>Alumnado Profesorado Familias Persoal de administración e servizos</p>	<p>Vicedirección Profesorado</p>
<p>Actividades que favorecen a convivencia</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Difusión das normas de convivencia, colocación nos taboleiros das aulas, páxina web... ● Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz , Día Internacional da Muller... ● Celebración e preparación do Entroido (decidir a primeiros de curso o tema do entroido e así os rapaces xunto cos titores e en coordinación cos demais cursos o poden ir preparando). ● Organización de diferentes actividades lúdico-deportivas e adecuación de espazos de lecer para favorecer as interaccións a convivencia e o respecto nos tempos de recreo e nas actividades complementarias e extraescolares. 	<p>Alumnado Profesorado Familias Persoal de administración e servizos</p>	<p>Profesorado Equipo Directivo</p>



Todas as actuacións recollidas neste Plan de Convivencia deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Os órganos de coordinación docente incluírán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

6. PLAN DE ACOLLIDA

Tal e como figura no plan de actuación, o **plan de acollida** figura como unha das actuacións que se levarán a cabo en relación á mellora da convivencia no centro. Dado que o plan a seguir está distribuído no tempo ao longo do curso escolar, desenvolvemos neste punto máis polo miúdo os diferentes procedementos:



MES	PROCEDEMENTO
Xuño	Reunión da Dirección IES-Orientación CEIP-Titores 6º Primaria na que se proporcionará información inicial do futuro alumnado de 1º ESO, despois dun seguimento previo ao longo do curso anterior.
	Visita ao IES de Fene do alumnado procedente do/s CEIP/s que se incorporará en setembro, acompañado polo seu profesorado titor de 6º. <ul style="list-style-type: none"> ● Recepción no centro por parte da Dirección e Orientación do IES. ● Explicación do funcionamento do centro, a cargo do alumnado de 4º ESO que os titorizará no seguinte curso, así como percorrido polas instalacións. ● Invitación na cafetería a un almorzo saudable.
Setembro	Reunións de Xefatura cos diferentes Titores, na que se darán as directrices necesarias de inicio de curso e se entregará a documentación do alumnado do grupo. Entregarase tamén un guión informativo cos aspectos máis relevantes do ano. Na carpeta que se da aos titores ao comezo do curso debería incluír as seguintes actividades e información en tódolos cursos para realizar nas súas horas de titorías: <ul style="list-style-type: none"> ● As tarefas para formación do uso da biblioteca (estas só para os alumnos de 1º ESO). ● Actividades de habilidades sociais ● O plan de mediación para que llo expliquen aos rapaces. ● Os tipos de faltas, as normas e as consecuencias si se incumpren. ● O programa de titoría entre iguais. A partir desta reunión inicial todos os titores da ESO coordinaranse coa Xefatura de Estudos e Orientación, para levar a cabo o Plan de Acción Titorial, realizar un seguimento do funcionamento do grupo e outros asuntos relativos ao mesmo.
	Entrega aos Xefes/as de Departamento na primeira CCP do curso dun guión no que se tratarán aspectos tan importantes como:



	<p>elaboración e entrega das programacións didácticas, a memoria final de departamento, a atención ao alumnado con materias pendentes...co fin de facilitarlles o máximo posible o seu labor.</p> <p>Recepción do novo profesorado, ao que se lle entregarán as chaves, ensinaráselle o centro e comentaráselle os aspectos básicos do seu funcionamento. No primeiro Claustro do curso, facilitaráselle un guiión informativo no que figurarán as normas de organización, convivencia e funcionamento máis importantes do centro, e que permitirá unha adaptación máis rápida deste profesorado de nova incorporación. Deberá haber tamén un plan de acollida para os profesores que van chegando novos e mesmo para os alumnos que por circunstancias cheguen novos ao centro ao longo do ano.</p> <p>Recibimento do alumnado antes do inicio de curso (presentacións), no que o profesorado titor recibe ao seu grupo na aula, ao que se presenta, lle entrega o horario e lle da as indicacións iniciais correspondentes facilitadas por Xefatura de Estudos. Neste primeiro contacto deben quedar moi claras os tipos de faltas, as normas e as súas consecuencias se non se compren.</p>
<p>Outubro</p>	<p>Reunión coas familias do alumnado de 1º ESO, na que se procederá á presentación do Equipo Directivo, Orientador/a e Titor/es/as. Entre outros temas tratarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Oferta formativa do IES o Departamento de Orientación. ● Medidas de atención á diversidade. ● Normas de Organización e Funcionamento do Centro. ● Colaboración das familias na marcha do centro. Presentación da ANPA. ● Actividades extraescolares. ● Presentación do profesorado titor.. ● Reunión final co profesorado titor. <p>Reunión dos titores coas familias do alumnado de 2º, 3º e 4º ESO. Presentación dos titores e información de interese relativo ao inicio de</p>



	curso e funcionamento do centro. A Xefatura de Estudos facilitará un guión cos temas máis importantes a tratar.
	Avaliacións iniciais: sesións de avaliación inicial dos grupos da ESO co equipo docente, Orientación, Xefatura e Dirección.
Ao longo do curso escolar	Realizárase unha enquisa de adaptación do alumnado ao centro despois dun tempo axeitado de adaptación (1-2 meses) do alumnado de 1º ESO ao IES de Fene. O titor/a do grupo facilitaralles na sesión de tutoría unha enquisa para coñecer o seu grao de adaptación ao novo sistema e ao novo centro, así como o seu grao de satisfacción. Os resultados desta enquisa valoraranse xunto co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos.
	Reunións ao final de cada trimestre coas Orientadoras dos CEIP O Ramo e Os Casais para poder realizar un seguimento do futuro alumnado de 6º de Primaria do Colexio. Na última reunión en xullo estarán presentes tamén os/as titores/as de dito alumnado tal e como se especifica ao inicio desta táboa.
	Participación no Plan Director da Garda Civil, que permitirá impartir charlas que irán encamiñadas a unha boa convivencia e conciencia de posibles problemas que poden xurdir no día a día.
	Participación na liña de mellora da Convivencia enmarcada dentro da convocatoria dos Contratos-Programa que nos permite formar a alumnado mediador en colaboración cunha empresa externa, tratando tamén de ter solucións e diferentes actividades no que á aula de convivencia se refire.
	Oferta das Actividades Extraescolares que se realizan no IES de Fene ao alumnado da ESO e dos últimos cursos de Primaria dos CEIP O Ramo e Os Casais, para facilitar a integración futura deste alumnado ao centro.
	Organización de actividades complementarias conxuntas en colaboración cos CEIP O Ramo e os Casais.



7. NORMAS DE CONVIVENCIA E CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

7.1 O PROFESORADO

Dereitos e deberes do profesorado

Art 15º do NOF.

7.2 O ALUMNADO

Dereitos e deberes do alumnado

Art 19º do NOF.

7.3 AS/OS NAIS/PAIS-TITORAS/ES LEGAIS

Dereitos e deberes das nais/pais/titoras/es legais

Art 23º do NOF.

7.4 O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

O persoal de administración e servizos está composto por todas as persoas que, desempeñando o seu traballo no centro, non se dediquen especificamente a impartir clase ou tarefas de orientación. Terán a consideración de tales o persoal de administración e servizos, o persoal subalterno, os coidadores ou coidadoras e o persoal de limpeza.

Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

Art 18º do NOF.

8. CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E AS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDEN AO SEU CUMPRIMENTO DE CONFORMIDADE

8.1. PRINCIPIOS XERAIS

As correccións aplicables ás condutas contrarias ás normas de convivencia e as persoas ou órganos de goberno competentes para aplicalas están estipuladas nos artigos 48 e 49 do Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros;

http://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/file.php/1/lexislacion_orientadores/agslex/normativa/1995RD_DERECHOS_DEBERES.pdf

na Sección 2ª, artigos 21 e 22 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa;

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2012/02/24/3a62651318fa8096044559352486ecfd.pdf

e no Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no Capítulo II artigos 39, 40 e 41 e no Capítulo III artigos 43 e 44.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_es.html



1. As correccións que se apliquen han de ter un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo, e ser proporcionais á gravidade da conduta corrixa. Non poderán privar ao alumnado do exercicio do dereito á educación nin ao dereito á escolaridade, non entendendo para estes efectos a imposición das correccións previstas, que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro. Non poderán atentar contra a integridade persoal do alumnado, respectarase a súa proporcionalidade coa conduta do alumno, terase en conta a idade do alumnado e demais circunstancias persoais, familiares ou sociais.
2. Como complemento ás medidas correctoras levaranse a cabo os programas e actuacións complementarias seguintes:
 - O Departamento de Orientación, en colaboración co profesorado titor, elaborará un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
 - Aqueles alumnos que sexan expulsados da aula serán enviados á aula de convivencia inclusiva buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible. Serán acompañados polo profesor de garda, onde cubrirán un compromiso de comportamento ou un novo compromiso no caso de que o alumno sexa reincidente, así como unha ficha de auto observación sobre o acontecido. Levarase un rexistro de todos os alumnos que pasen pola aula de convivencia.
 - Utilizarase, na medida do posible, a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.
 - Colaborarase e coordinarase con outras entidades, organismos e institucións (principalmente co Concello) campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
3. Poderase determinar un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado e dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará en caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.
4. A efectos da gradación das correccións, consideraranse circunstancias paliativas:
 - O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta, e, se é o caso, o cumprimento espontáneo da obriga de reparar os danos producidos, nos termos previstos polo artigo 13 da lei de convivencia de responsabilidade e reparación de danos.
 - A falta de intencionalidade.



5. A efectos da gradación das correccións, consideraranse circunstancias agravantes:
- A premeditación e a reiteración.
 - Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros/as de menor idade ou aos de recente incorporación ao Centro.
 - A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
 - Calquera acto discriminatorio por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.
 - Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de transporte escolar.
 - Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia realizados fóra do recinto escolar se están motivadas ou directamente relacionados coa vida escolar e afectan aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido no artigo 28 da lei de convivencia.
6. Gradación das medidas correctoras.
- Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste Decreto se tomarán en consideración especialmente os seguintes criterios:
- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
 - b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
 - c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
 - d) A natureza dos prexuízos causados.
 - e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade.
7. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
 - b) Condutas leves contrarias á convivencia
- Nós faremos unha gradación dentro das leves:
- i) Condutas leves tipo I.
 - ii) Condutas leves tipo II.



8.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

CONDUTAS LEVES TIPO I (3 FALTAS DESTE TIPO COMPUTARÁN COMO UNHA Falta LEVE TIPO II)				
Falta	Actuación	Quen debe actuar	Posible sanción	Quen pode sancionar
1-Incumprimento reiterado da obriga de levar o material preciso para as clases.	Se é reiterado, elaboración do parte en Xade e comunicación ao titor/a e xefatura de estudos.	Profesorado.	Amoestación por escrito.	Profesorado, titor/a e xefatura de estudos.
2-Reiteración na impuntualidade.	Se non é reiterado, amoestación privada e anotación para considerar a reiteración.	Profesorado.	Amoestación privada.	
3-Interromper na clase (erguerse, falar sen permiso e sen ter que ver co que se está a traballar, facer ruidos intencionadamente, lanzar obxectos...), non respectar o dereito ao estudo e traballo dos compañeiros e do docente.	Amoestación verbal. Se non cesa poñemos a falta leve no xade. Se despois de poñer a falta continua interrompendo enviar a xefatura, calquera membro do equipo directivo ou aula convivencia (atendido polo profesorado de garda) con traballo (xa sería unha falta leve tipo II).	Profesorado. Profesorado. Profesorado.	Amoestación verbal. Amoestación escrita. Comparecencia ante xefatura de estudos.	Profesorado, titor/a e xefatura de estudos.
4-Permanecer sen permiso nos corredores, nunha aula ou zona que non lle corresponda ou non estea permitida.	Enviar á zona que lle corresponda e elaboración do parte en Xade se é reincidente.	Profesorado.	Amoestación privada ou por escrito.	Profesorado, titor/a e xefatura de estudos.
5-Negativa a realizar ás tarefas encomendadas polo profesor e ou calquera acto de indisciplina leve.	Se é reiterado, elaboración do parte en Xade e comunicación ao titor/a e xefatura de estudos. Se non é reiterado, amoestación privada e anotación para considerar a reiteración.	Profesorado.	Amoestación privada ou por escrito.	Profesorado, titor/a e xefatura de estudos.
6-Tirar desperdicios ao chan	Se é reiterado, elaboración do parte en Xade e comunicación ao titor/a e xefatura de estudos. Se non é reiterado, amoestación privada, anotación para considerar a reiteración.	Profesorado. Profesorado.	Amoestación privada e por escrito e vir dúas tardes a recoller desperdicios do patio. Amoestación privada e a obriga de recoller o que tirou.	Xefatura de estudos. Profesor.



CONDUTAS LEVES TIPO II (3 FALTAS DESTE TIPO COMPUTARÁN COMO UNHA FALTA GRAVE)

Falta	Actuación	Quen debe actuar	Posible sanción	Quen pode sancionar
Agresións, inxurias, ofensas ameazas de carácter non grave.	Elaboración do parte en XADE e notificación ao titor/a e xefatura de estudos. Mediar entre os implicados (entrevista). Notificar a sanción ás familias e ao titor/a.	Profesorado. Profesorado, xefe/a de estudos, orientación. Xefe/a de estudos, dirección.	c) Realización de traballos específicas en horario lectivo. d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. e) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.	Sancións a) b) c)= profesorado, titor/a, xefatura estudos e dirección Sanción d)= Titor/a, xefatura de estudos e dirección.
Abandonar a clase sen permiso.	Elaboración do parte en XADE e notificación ao titor/a e xefatura de estudos.	Profesorado, xefe/a de estudos, dirección.	g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.	Sancións e) f)= Xefatura estudos e dirección. Sancións g) h)= Dirección.
Desafío á autoridade non grave.				
Abandonar o centro sen autorización (menores en escolarización obrigatoria).				
Mercar na cafetería fora do horario de recreos.				
Fumar en calquera espazo dentro do recinto escolar.				
Usar métodos fraudulentos e calquera proba ou traballo.	Retirar a proba e cualificar cun 0 dita proba. Elaboración do parte en XADE e notificación ao titor/a e xefatura de estudos.	Profesorado. Profesorado, xefe/a de estudos e dirección.	a) Amoestación escrita. c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.	



<p>Os danos leves causados de forma intencionada ou negligencia leve ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a subtracción.</p>	<p>Elaboración do parte en XADE e notificación ao titor/a e xefatura de estudos. Notificar a sanción ás familias e ao titor/a.</p>	<p>Profesorado. Xefe/a de estudos, dirección.</p>	<p>Reparación dos danos causados e ou reposición do subtraído. Ademais podería impoñerse calquera das sancións c) d) e) f) g) ou h)</p>	<p>Sancións a) b) c)= profesorado, titor/a, xefatura estudos e dirección</p>
<p>Uso non autorizado do móbil ou portar calquera obxecto prohibido polas normas do centro.</p>	<p>Elaboración do parte en xade. Retirara do móbil apagado ou calquera outro obxecto prohibido e metelo nun sobre pechado co nome, apelidos e curso do alumno/a e entregalo ao membro do equipo directivo presente. Chamada ás familias para informar de que se lle vai gardar o móbil ou calquera outro obxecto ata que remate a xornada lectiva.</p>	<p>Profesorado. Profesorado. Xefe/a de estudos.</p>	<p>a) Amoestación escrita. Depósito do móbil ou calquera outro obxecto ou substancia prohibida en xefatura de estudos ata que finaliza a xornada. Segundo o apartado 3 do artigo 11 da lei 4/2011 o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades extraescolares, a entrega de calquera obxecto, que estea expresamente prohibido polas normas do centro. Ademais podería impoñerse calquera das sancións c) d) e) f) g) ou h).</p>	<p>Sanción d)= Titor/a, xefatura de estudos e dirección. Sancións e) f)= Xefatura estudos e dirección.</p>
<p>Seguir Interrompendo na clase (erguerse, falar sen permiso e sen ter que ver co que se está a traballar, facer ruidos intencionadamente, lanzar obxectos...), non respectar o dereito ao estudo e traballo dos compañeiros e do docente despois de ser amoestado de forma verbal e escrita (parte en XADE).</p>	<p>Elaboración do parte en XADE e notificación ao titor/a e xefatura de estudos. Notificar a sanción ás familias e ao titor/a. Envío á aula de convivencia.</p>	<p>Profesorado. Xefatura de estudos e dirección.</p>	<p>c) Realización de traballos específicas en horario lectivo. d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do centro. e) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.</p>	<p>Sancións g) h)= Dirección.</p>



			h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
--	--	--	--

Estas condutas prescriben ao mes, contando desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

8.3. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

FALTAS GRAVES (INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO)				
Falta	Actuación	Quen debe actuar	Posible sanción	Quen pode sancionar
a) Agresións, inxurias, ofensas, ameazas e coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	Elaboración do parte escrito (non subir a Xade) e comunicación ao titor/a e ao xefe/a de estudos.	Docente	a) Realización, dentro ou fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenrolo das actividades do centro.	O/a xuíz/a instrutora propón a sanción que deberá ser corroborada ou non pola dirección e comunicada a inspección educativa.
b) Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	Comunicación ás familias de posible falta grave. Incoación de expediente disciplinario e nomeamento xuíz/a instrutor	Xefe/a de estudos. Dirección.	b) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. c) Cambio de grupo. d) Suspensión do dereito a participar a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.	
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.			e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días e un mes. f) Cambio de centro.	
d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que				



<p>atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p>				
<p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo co establecido polo art. 28 da lei 4/2011.</p>				
<p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración e subtracción de documentos académicos.</p>				
<p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a subtracción.</p>	<p>Elaboración do parte escrito (non subir a Xade) e comunicación ao titor/a e ao xefe/a de estudos.</p> <p>Comunicación ás familias de posible falta grave.</p> <p>Incoación de expediente disciplinario e nomeamento xuíz/a instructor/a</p>	<p>Docente.</p> <p>Xefe/a de estudos.</p> <p>Dirección.</p>	<p>a) Realización, dentro ou fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenrolo das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito a participar a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días e un mes.</p> <p>f) Cambio de centro.</p>	<p>O/a xuíz/a instructora propón a sanción que deberá ser corroborada ou non pola dirección e comunicada a inspección educativa.</p>
<p>h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenrolo das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p>				
<p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p>				
<p>j) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, se reputará indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos ao</p>				



que se refira o apartado 3 do art. 11 da lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.				
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias á convivencia.				
l) O incumprimento das sancións impostas				

Estas condutas prescriben aos catro meses da súa comisión, contando desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta.



8.4. PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓNS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

Estes procedementos correctores veñen recollidos no Capítulo IV Seccións 1ª, 2ª, 3 e 4ª do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_es.html

<https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

9. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf

10. PROTOCOLO DE ABSENTISMO E ABANDONO ESCOLAR

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/af9923c775126876c57251c98ec20e0d.pdf

11. PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTÍR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16fd7e59099aece2678d80136ede0e21.pdf

12. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONTRA O MALTRATO INFANTIL

<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/planes-y-programas/protocolo-basico-de-intervencion-contra-el-maltrato-infantil>

13. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN ANTE O RISCO SUICIDA

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/cb3659911e6b0d753314972ba813337d.pdf

14. PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf



15. A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

15.1. FINALIDADE E OBXECTIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA

- Fomentar actitudes, valores e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas de convivencia e de funcionamento do centro, particularmente no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento conciliado e resolución pacífica dos conflitos interpersoais, e aprender a utilzalos como unha oportunidade formativa.
- Axudar a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares mellorando a autoestima e inclusión escolar do alumnado sen interese, baixa motivación polos estudos e negativista.
- Facilitar ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre súa conduta contraria ás normas e as consecuencias da mesma, favorecendo o autocontrol, a empatía e o dialogo.
- Substituír o tempo de expulsión do alumnado con suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro como consecuencia da aplicación de medidas de corrección.
- É importante **garantir o dereito á escolarización do alumnado**, logo a aula de convivencia empregárase como un instrumento de apoio cando sexa necesario, é dicir, se un alumno ou grupo de alumnos impiden o normal desenvolvemento da clase e/ou debido ao seu comportamento disruptivo prexudican notablemente o traballo e a aprendizaxe dos/das demais compañeiros/as da aula/taller provocando unha situación na aula/taller que resulte insostible para o profesor.

15.2. CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO NA AULA E ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN NESTA

Establécense os seguintes criterios pedagóxicos para a atención do alumnado na aula de convivencia, enfocada como aula de reflexión e/ou aula de traballo:

- O alumnado **derivado puntualmente** á aula de convivencia debe realizar as **tarefas específicas** que lle encargue o/a profesor/a que o derivou. Estas tarefas estarán relacionadas coa materia e, necesariamente figurarán detalladas no parte correspondente. Os departamentos didácticos deberán elaborar fichas sinxelas con contido da súa materia, para cada unha das unidades didácticas, para que o alumnado poida desenvolver no tempo en que estea na aula de convivencia. Será competencia do profesor de garda verificar a realización das tarefas e actividades e do profesor da materia a súa revisión e, de selo caso, da súa cualificación.
- O alumnado **derivado por problemas de conduta reiterados** debe desenvolver un **programa** que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais deseñado polo departamento de orientación.
- O alumnado **sancionado con suspensión do dereito de asistencia** debe desenvolver un **programa específico** que contribúan a adquisición de habilidades e competencias sociais, e que será elaborado polo departamento de orientación **e/ou desenvolver as tarefas**



académicas correspondentes, cando sexa consecuencia dunha medida correctora tal e como figura no apartado 8 deste Plan de Convivencia. Neste caso, será o profesorado que lle imparte clases o encargado de facilitarlle á Xefatura de Estudos os traballos a realizar ao longo do/dos días de permanencia na aula, e aínda que non coincidirá co tempo de lecer do resto do alumnado, si fará tres descansos de 10 minutos cada un noutra franxa horaria.

Para a aplicación e o desenvolvemento destes programas establécese como requisito a colaboración da familia, aceptando a integración do alumno no programa e comprometéndose a acudir ás sesións semanais de control do programa. Será competencia do departamento de orientación a elaboración e o seguimento da modificación de conduta.

Estes programas específicos poderanse aplicar nunha única ocasión e durarán como máximo o tempo da medida de corrección de suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases.

15.3. POSTA EN PRÁCTICA DA AULA DE CONVIVENCIA INCUSIVA

A aula estará atendida por un/unha profesor/a de garda cada hora lectiva, sempre e cando o seu servizo non sexa necesario en gardas ordinarias, e de non haber profesorado suficiente poderá asumilo o equipo directivo e/ou a persoa coordinadora da convivencia. Só no caso de que non haxa persoal dispoñible nese momento o/a alumno/a deberá agardar na propia aula de convivencia e comezará a facer as tarefas encomendadas ata que veña a persoa responsable; e permanecerá na aula de convivencia ata que remate a sesión.

A **aula de convivencia** disporá dos seguintes recursos materiais:

- Horario de permanencia do alumno sancionado e profesorado de garda encargado de atendelo e materias que se imparten.
- Material elaborado polos departamentos didácticos con tarefas propias de cada materia e unidade, para que realice o alumnado derivado puntualmente.
- Modelos de fichas de reflexión e compromiso.
- Programas elaborados polo departamento de orientación de habilidades e competencias sociais e as fichas propias destes programas.
- Programas específicos que se achegarán puntualmente para os casos de alumnado derivado á aula de convivencia en substitución do tempo suspensión do dereito de asistencia ao centro como consecuencia da aplicación de medidas correctoras.
- Papel e un ordenador para a realización de tarefas e xestión da aula.
- Mobiliario para o arquivo das fichas de reflexión e garda doutro material sensible.
- Mesas e cadeiras suficientes.

O **profesorado de garda** encargado da aula, poderá contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle atender ao alumnado enviado á aula conforme ao establecido neste regulamento, procurando que este realice as actividades indicadas e asegurando que se compren as medidas e se desenvolven as actuacións propostas para o alumnado.



O/A profesor/a **responsable de coordinación** de benestar, correspóndelle coordinar as actuacións da aula de convivencia, polo que deberá responsabilizarse de:

- Asistencia unha vez ao trimestre, ou cando a situación o aconselle por convocatoria da Xefatura de Estudos, ás reunións coas persoas titoras do centro e coa persoa orientadora do centro.
- Colaborar coa Dirección e coa Xefatura de Estudos para informar ao profesorado da lista de alumnado privado de participar nas actividades extraescolares e complementarias por ter sido sancionado con medidas disciplinarias que así o establezan.

A **Xefatura de Estudos** é a encargada de organizar, de selo caso, a atención ao alumnado que se lle suspende do dereito de asistencia á clase ou ao centro, no marco do disposto nas NOF do centro.

Á xefatura do **departamento de orientación** correspóndelle a programación e supervisión das actuacións encamiñadas a favorecer o proceso de reflexión, as actitudes responsables e as condutas positivas para a convivencia, do alumnado atendido na aula de convivencia.

- Diseñar os programas a desenvolver na aula de convivencia que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, tanto xenéricos e específicos.
- Programar fichas que deixará na aula de convivencia actividades relacionadas con habilidades sociais, de escoita, autocontrol...
- Supervisar as fichas de reflexión en coordinación coa XE e o titor do alumno, e propor outras medidas de corrección e/ou mediación que estime máis convenientes.

15.4. DERIVACIÓN PUNTUAL POLO PROFESORADO PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS

Cando un/ha profesor/a derive un/ha alumno/a á aula de convivencia deberá:

- Poñer a falta de conduta en XADE, e marcando como medida correctiva "amoestación privada ou por escrito" e como medida correctiva; "derivación puntual á aula de convivencia". *En observacións detallar o motivo da falta de conduta de forma obxectiva sen entrar en xuízos de valor.*
- Encargar un traballo relacionado coa materia que se estea a traballar nese momento na aula. Dita tarefa será avaliable e o porá en coñecemento do alumno derivado.
- Excepcionalmente (cando se estea a realizar un exame ou situacións parecidas) poderá derivar ao alumno sen tarefas. Nese caso o profesor de garda na aula de convivencia lle encargará ao alumno tarefas das facilitadas polo departamento correspondente.

O/A alumno/a derivado deberá:

- Agardar na aula a que por indicación do profesor en cuestión, o/a delegado/a ou o/a subdelegado/a – ou no seu defecto un/unha alumno/a autorizado/a – avise ao profesorado de garda ou a un membro do equipo directivo para que o veña a buscar.
- Cumprimentar a **ficha de reflexión I (ANEXO 1)**. No caso de que sexa a segunda vez que é derivado á aula de convivencia por un mesmo motivo, cumprimentará a **ficha de reflexión II (ANEXO 2)**.



- Realizará as tarefas encargadas polo profesor que o enviou ou as que lle indique o profesor de garda, que poderán ser de materia ou actividades de desenvolvemento de habilidades e mellora das competencias sociais.

O/A profesor/a de garda na aula de convivencia deberá:

- Rexistrar no **libro de garda** na aula de convivencia (**ANEXO 3**) as asistencias á mesma, indicado data e hora, alumno e grupo, profesor que o enviou, causa do envío, se trae tarefas do profesor e se as realizou.
- Analizar as causas do envío á aula de convivencia e intentar reflexionar co alumno sobre o motivo polo que esta está alí. Explicar ao alumno a ficha de reflexión e axudarlle a enchela.
- Desenvolver algunha das actividades relacionadas coa convivencia ou asegurar que o alumno faga as tarefas encargadas polo profesor que o derivou.
- Informar sobre a actitude e desenvolvemento das tarefas e/ou actividades.

Na aplicación deste protocolo compre ter en conta o seguinte:

O profesor da aula de convivencia recíbeo e pide ao alumno que conte o que pasou. A súa misión é axudar ao alumno para que reflexione sobre a súa conduta, posteriormente fará que o alumno cubra unha das fichas de reflexión e nas que concrete un compromiso que debe adquirir de mellora de conduta e/ou de reparación. Empregaranse os modelos recollidos como **ANEXO 1** ou **ANEXO 2**, segundo sexa a 1ª vez ou 2ª que vai á aula de convivencia. Cando o alumno volve á súa aula, o profesor da aula de convivencia cubrirá un breve informe ao final das anteriores fichas.

O profesor coordinador e responsable da aula de convivencia elaborará unha **estadística trimestral** sobre o número de alumnos atendidos, reincidencias e o tipo de fatas que motivaron a derivación.

Ademais, o profesor que o enviou pode poñerlle ao alumno algunha tarefa en favor da comunidade educativa que desenvolverá nun recreo baixo a súa supervisión, como por exemplo: reparar mobiliario, controlar alumeado, limpeza de material, aula, corredor, xardíns ou patio, colaborar na biblioteca ou calquera actividade da intendencia do centro.

15.5. DERIVACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Criterios e condicións para a derivación á aula de convivencia

Para que un alumno poida ser atendido na aula de convivencia, para desenvolver un **programa** que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais, compren as seguintes requisitos ou condicións:

- Sexa reincidente na súa actitude e condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Subscriba un compromiso de convivencia que implique abordar algún dos obxectivos da aula.
- Non teña asistido a aula de convivencia con anterioridade polo mesmo motivo.
- Presente baixa autoestima, autocontrol, autoconcepto, escasa integración escolar ou social, etc.



No caso de que o número de alumnos que se propoñan para ser atendidos na aula de convivencia sexa excesivo, darase prioridade ao alumnado de cursos inferiores e os de menor idade.

Excepcionalmente poderá ser derivado nunha segunda ocasión polo mesmo motivo, se a expulsión non favorecería a corrección da conduta e non é percibida polo alumno como un castigo.

Procedementos de derivación

O procedemento de derivación por condutas disruptivas habituais será o seguinte:

- A Xefatura de Estudos, xunto co titor/a do alumno, comprobará si se dan as condicións para que dito alumno/a poida asistir á aula de convivencia.
- Unha vez comprobado que se dan estas condicións, reunirse o titor/a coa orientadora e, de considerarse necesario, co equipo educativo para elaborar o **informe de derivación**, indicando o motivo polo que se considera necesario que o alumno asista a aula de convivencia, os obxectivos que se queren acadar con esta medida, o número de días de asistencia e as actividades formativas e de reflexión que deberá realizar (**ANEXO 4**). De esta reunión, informará aos proxenitores ou titores legais e, sempre que sexa posible, cos que deberá subscribirse un compromiso de convivencia (**ANEXO 5A**).
- A orientadora informará e asesorará ao profesorado encargado da aula de convivencia ao que facilitará o material, tanto formativo como de reflexión, que deba facer o alumno.
- Por último, levarase a cabo un seguimento do alumno por parte do titor, da orientadora e do profesor responsable, nese momento, da aula de convivencia (**ANEXO 6 A-B**).

Para que un alumno sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases, sexa derivado á aula de convivencia para o desenvolvemento dun programa específico que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais, en substitución do tempo de expulsión, compre que se dean unhas circunstancias análogas ás do suposto anterior.

- A dirección poderá adoptar esta medida na propia resolución do procedemento corrector, polo cal se suspende ao alumno do dereito de asistencia, ou posteriormente durante a aplicación da suspensión, ben por propia iniciativa, do instrutor ou dos propios interesados, e sempre que se dean os demais requisitos ou condicións.
- Particularmente, tanto para adoptar a decisión como para o deseño do programa, teranse en conta as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno recollidas no procedemento e será de aplicación no caso de que considerar que esta medida pode favorecer a corresponsabilidade das familias, o proceso educativo do alumno e a súa integración escolar.
- Se o acordo é posterior, informará aos proxenitores ou titores legais cos que deberá subscribirse un compromiso de convivencia, sempre que sexa posible (**ANEXO 5B**).

A dirección informará á Comisión de Convivencia da asistencia do alumno á aula de convivencia (**ANEXO 7**).

16. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e



social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que nos centros educativos se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa. A Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do Decreto 8/2015 establecen este tipo de programas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Ao comezo do curso, todos os anos, na carpeta que se lle dá aos titores deben incluír certas actividades de habilidades sociais e de convivencia (en relación as normas do centro e as consecuencias de non respectalas) axeitadas para cada nivel, actividades que se poderían levar a cabo nas horas de tutoría na propia aula. Estas actividades se verían reforzadas ao longo do curso polas actividades complementarias que se realizarían e nas que poderían participar en conxunto con outros cursos.

As habilidades e competencias sociais son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións) entre os que están:

- **Asertividade:** é o xeito de actuar que lle permite a unha persoa expresar os seus pensamentos e sentimentos sen negar os dos demais.
- **Empatía:** habilidade que nos permite comprender e experimentar o punto de vista doutros sen ter que estar de acordo.
- **Saber escoitar:** escoitar con comprensión e coidado, saber o que a outra persoa trata de comunicarnos e transmitir que recibimos a súa mensaxe.
- **Definir un problema:** analizar a situación, tendo en conta os elementos obxectivos, así como os sentimentos e necesidades.
- **Avaliación de solucións:** analizar as consecuencias que cada solución terá a curto e longo prazo para as persoas implicadas.
- **Negociación:** comunicación dirixida a atopar unha alternativa de solución que resulte aceptable para ambas as partes.
- **Capacidade de desculpa:** capacidade de darse de conta dos propios erros cometidos. No contexto educativo, este tipo de programas pretende:
- **Potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos,** favorecendo tanto a súa identificación como a súa expresión.
- **Desenvolver e construír habilidades de comunicación,** é dicir, capacidade de emitir e recibir mensaxes a través da comunicación verbal e non verbal.



- **Clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar con outros, aprender a resolver conflitos e aprender a organizarse.** Programas nos que se establecen tres dos niveis fundamentais de actuación da titoría no centro educativo, como son:
- **Ensinar a ser persoa:** axudar o alumnado na construción da súa identidade persoal, fundamentalmente relacionado con facilitar a integración no grupo e o desenvolvemento persoal e afectivo de cada alumna ou alumno.
- **Ensinar a comportarse:** contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social, desenvolvendo actitudes positivas.
- **Ensinar a convivir:** desenvolver no alumnado as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

Tendo en conta as necesidades detectadas no noso centro, no vindeiro curso as habilidades e competencias sociais nas que centraremos o noso traballo serán: empatía, capacidade de desculpa, ensinar a comportarse, autocontrol, reflexión e resolución de conflitos.

17. A MEDIACIÓN ESCOLAR NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS. O PROGRAMA DE TITORÍA ENTRE IGUAIS (TEI)

17.1. A MEDIACIÓN ESCOLAR NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

https://www.google.com/search?q=galicia+a+mediacion+escolar&rlz=1C1CHBF_esES999ES999&oq=galicia+a+mediacion+escolar&aqs=chrome..69i57j33i160.5208j0j15&sourceid=chrome&ie=UTF-8#ip=1

([Mediación en la practica.pdf](#))

17.2. O PROGRAMA DE TITORÍA ENTRE IGUAIS (TEI)

A preocupación como profesores ante diversas situacións que viven algúns mozos animounos a elaborar este programa (TEI) para previr situacións conflitivas, detectalas e resolvelas de maneira pacífica e eficiente se se chegasen a dar. Tamén para atender ao alumnado cuxo comportamento non se axuste ás normas de convivencia e axudar e protexer aos que estean a vivir esta situación de violencia ou de acoso.

Atopabámonos cun relativo baleiro en canto á detección e forma de actuar e necesitabamos un programa que dea resposta clara a estas situacións e márkuenos unhas pautas de actuación na detección e na resolución de conflitos.

O paso da escola primaria a secundaria coincide cunha etapa crítica e de cambios moi importantes para os alumnos como:

- **Cambio de contorna física.** O cambio de escola, ás veces vai acompañado do cambio de localización xeográfica.
- **Cambio de compañeiros.** A miúdo forman parte dun grupo no que non coñecen a ningún compañeiro.
- **Cambio de posición.** Pasan de ser os máis grandes da escola a ser os máis pequenos do instituto.



- **Un novo sistema escolar, con máis profesores.** A entrada "formal" á adolescencia e o que iso comporta a nivel social.
- **Valórase moito o grao de aceptación e formar parte do grupo.** Inicio para moito/as do que serán continuos cambios físicos e hormonais propios da puberdade.

Situacións que requirirán unha integración e adaptación á nova contorna e xerar novas relacións sociais. Un momento en que os alumnos poden ser máis vulnerables en diferentes planos: persoal, académico e social.

O programa TEI ofrécenos traballar a prevención e a detección temperá do acoso escolar, abordando o conflito antes de que dexenere en episodios de violencia.

O TEI é unha estratexia educativa para a convivencia escolar, deseñado inicialmente como unha medida práctica contra a violencia e o acoso escolar, ten un carácter institucional e implica a toda a comunidade educativa. É un recurso importante no proceso de participación, concienciación, prevención e desenvolvemento de programas de intervención sobre convivencia no centro educativo.

Pode adaptarse como unha medida contra a desmotivación e o fracaso, non unicamente curricular, senón tamén persoal e social.

Consideramos que **o programa TEI complementa e pódese integrar no noso Plan de Convivencia** nos seguintes aspectos:

- Facilitar o proceso de integración dos novos alumnos e alumnas (1º ESO) no centro educativo.
- Ter un referente titor-a, alumno de segundo ciclo de secundaria, para facilitar a integración, a autoestima e reducir os niveis de inseguridade propios de espazos e organizacións descoñecidas.
- Cohesionar a comunidade educativa do centro e integrar e desenvolver a Tolerancia Cero como aceno de identidade.
- Compensar o desequilibrio de poder e de forzas, sempre presentes no acoso, entre agresor e vítima, desde unha perspectiva preventiva e disuasiva.
- Fomentar que o alumnado actúe como suxeito dinámico da convivencia, na prevención da violencia e o acoso escolar.

A implementación deste programa TEI exige a elaboración dun proceso de contextualización, a formación do Equipo TEI e o nomeamento dun Coordinador/a.

18. ESCOLAS DE NAIS E PAIS

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias (nais, pais, avós, titores e rapaces) do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación. Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro recollerá, de ser o caso, a creación da escola de nais e pais do centro, segundo se indica no artigo 27 do Decreto 8/2015:

- Finalidade da escola de nais e pais: propoñer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro



educativo. Estas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia. En definitiva é un lugar de encontro onde mediante o diálogo e a análise tentamos poñer en común diferentes puntos de vista sobre temas de interese educativo. Temas que se falan pouco na rúa ou non é habitual que profundemos neles.

- Compromisos das nais e pais, ou titoras e titores, referidos á convivencia nos centros educativos:
 - Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
 - Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.
 - Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
 - Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
 - **Actuacións:** pódense levar a cabo charlas (unha cada dous meses/unha por trimestre) por parte de psicólogos, persoal de asuntos sociais o mesmo pais que poidan contar a súas experiencias e así facemos unha reflexión colectiva. Os temas das charlas sempre reflexarían os problema/conflictos/necesidades que vaian aparecendo no centro. Estas actuacións do noso centro concrétese en facilitar toda a axuda e apoios necesarios así como as instalacións que sexan necesarias en cada momento.

19. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

● MECANISMOS PARA DIFUNDIR O PLAN

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da Xunta de Delegados.
- Titores.
- ANPA do centro.

Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- Reunións informativas.



- Exposición en distintos lugares do centro como: Dirección, Xefatura de Estudos, Sala de Profesores e Biblioteca.
- Na páxina web do noso centro.
- Nos taboleiros das aulas, da sala de profesores, laboratorios, talleres, salón de actos, biblioteca, departamentos e mesmo na cafetería.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir). O primeiro día de clase os titores de cada curso xunto cun membro de dirección deberán explicar o plan de convivencia aos rapaces.
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos. Os titores deberán lembrar aos rapaces as normas de convivencia sobre todo se xurdise algún conflito.
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións.

● **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

A avaliación deste Plan de Convivencia realizarase a través dun múltiple canal:

1. Corresponde á Comisión de Convivencia o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. **A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre** para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia. Será a Xefatura de Estudos quen avaliará o desenvolvemento do Plan, tendo en conta a cuantificación das actuacións contrarias á convivencia e as correspondentes correccións aplicadas, e informará ao Observatorio de Convivencia.
2. Os titores, comentarán o desenvolvemento do Plan ao longo de cada curso escolar.
3. A Xefatura de Estudos recollerá trimestralmente as propostas e valoracións da Xunta de Delegados e Delegadas, relativas á convivencia nos seus respectivos grupos.
4. Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.
5. Na Memoria final do Curso o Equipo Directivo recollerá a valoración xeral do Plan de Convivencia levada a cabo pola Comisión de Convivencia, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar por proposta da súa comisión de convivencia,



aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

20. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Este Plan de Convivencia foi elaborado en base ao contexto actual do centro, tendo en conta os problemas de convivencia atopados nos últimos anos. Segundo os resultados obtidos ao remate de cada curso, podemos valorar a posibilidade de facer as actualizacións e/ou modificacións necesarias para adaptalo ás necesidades da Comunidade Educativa.

O seguinte documento foi revisado, avaliado e aprobado en sesión ordinaria do Consello Escolar o (...) de (...) de 202(...).